

MAGALLANES

Lav Diaz, 2025


1782

ESTREA EN NUMAX: 03.07.2026 | V.O.S.E. | +16 | 163 min

Magallanes é un navegante portugués que se rebela contra o poder do Rei, que non apoia os seus sonhos de descubrir o mundo a comezos do século XVI. Convence a Coroa española para que apoie a súa audaz expedición ás lendarias terras de Oriente. A viaxe é máis esgotadora do agardado, con fame e motíns que levan a tripulación ao límite das súas forzas. Ao chegar a Malasia, Magallanes cambia de opinión, obsesiónase coa conquista e a conversión o que desencadea violentos levantamentos.

«Gael García Bernal e Lav Diaz únense para unha hipnotizante epopea histórica e espiritual»

Josh Slater-Williams, INDIEWIRE



O mito da fin do mundo

Por Àngel Quintana

En 1974, Robert Bresson decidiu entrar no ciclo das lendas artúricas para rodar, cos cabaleiros recubertos de lanzas e armaduras, *Lancelot du Lac*. O cineasta converteu o plano nun agocho no que, con poucos elementos visuais e un gran traballo de son, conseguir transformar a épica en detalle, na base dunha gran película. O *Magallanes* de Lav Diaz parece seguir unha parte da estratexia levada a cabo por Bresson, aínda que polo seu contido pode remitir a certos traballos de Manoel de Oliveira ou Paulo Rocha. Diaz constrúe un gran relato épico que arrinca no momento en que Fernando de Magallanes e a súa tripulación chegan, a pesar das súas penurias, ao estreito de Malaca e consegue abrir un camiño para a navegación cara ao sudeste asiático. A película segue no momento en que, desde Lisboa, o navegante expón un novo roteiro para evitar a competencia dos barcos casteláns e turcos. O roteiro require de pactos, negociación coa monarquía española e a vivencia dunha grande aventura épica que deixa a tripulación da nave completamente exhausta. Diaz acaba o seu relato no momento en que chegan á costa do Pacífico, ten lugar o encontro cos indíxenas, tentan establecer vías de comunicación e estalan as guerras pola conversión relixiosa e a aceptación dos rituais e crenzas.

O relato que describe Lav Diaz posúe unha dimensión claramente épica pero partindo da idea de que os grandes feitos históricos se desenvolven desde a estrita cotiandade. Diaz busca, sobre todo, a forza do figurativo e afástase dunha certa perspectiva narrativa elaborada no seu cinema; non ten nada que ver con *Melancholia* (2008), *Norte* (2013) ou *The Woman Who Left* (2016). No entanto, o inconfundible estilo do cineasta filipino está moi presente. A película está rodada en longos planos de conxunto coa cámara fixa, coa ausencia de contraplanos e con escasos primeiros planos. O que fai que *Magallanes* sexa diferente e que se converta nun verdadeiro lenzo pictórico é a beleza das súas imaxes, a forza das súas composicións, o detallado traballo coa luz, a recreación dun mundo con poucos elementos. O cineasta consegue unha dimensión épica a partir dunha construción narrativa que foxe da espectacularidade, pero que ten momentos de gran forza sobre todo na súa parte central, na descrición da travesía marítima de Magallanes ata as augas do Pacífico.

A forza especial do filme reside no pacto entre Lav Diaz e o director de fotografía Artur Tort, cuxa empresa Andergraun Films de Montse Triola e Albert Serra é coprodutora da película. Hai en cada unha das belísimas composicións que mostra a película unha pegada fílmica que acaba emparentando *Magallanes* coa dinámica emprendida por Albert Serra. Existe sobre todo a idea de como chegar a converter a pantalla nun lenzo de formas en movemento, de accións reducidas á súa esencialidade, de planos que buscan a precisión. Os personaxes non son seres con psicoloxía, senón figuras que atravesan o espectro. Lav Diaz traballa con Gael García Bernal no rol de Magallanes pero o actor mexicano fica reducido a unha forte presenza. *Magallanes* acaba atopando unha nova vía no cinema do gran director filipino que continúa sendo coherente cunha obra composta de películas río que non eluden o debate político, nin a reflexión sobre as consecuencias dunha loita imposible. Magallanes adquire nesta obra unha aura especial, como se fose unha encarnación do *Aguirre, a cólera de Deus* (1972) de Werner Herzog á procura dun espazo tras o que se esconde o mito da fin do mundo.